

## **Intervención do Presidente da Xunta de Galicia BELÉN DE BEGONTE**

Begonte, 5 de decembro de 2014

Autoridades,

Amigas e amigos,

Veciñas e veciños de Begonte:

“Cando entraron na casa atoparon o neno con María, súa nai. Prostráronse e rendéronlle homenaxe; e ofrecéronlle coma regalo ouro, incenso e mirra”.

Así describiu San Mateo nos seus evanxeos a adoración dos magos de Oriente: Baltasar, Melchor e Gaspar. Unha historia que se atopa profundamente arraigada na nosa forma tradicional de celebrar o Nadal.

Pero unha historia tamén que, como non, ten a súa fiel reprodución neste Belén electrónico begontino. Unha recreación do nacemento de Xesús que, ao longo dos seus máis de 40 anos de existencia, xa se converteu nun gran referente vital para todos nós.

A animación das figuriñas deste Belén concédelles un trazo de vitalidade que nos envía unha mensaxe de ánimo, esforzo e traballo ás galegas e galegos nestes momentos de recuperación das dificultades pasadas.

Mirade pois con orgullo este Belén que, como a estrela que levou aos Magos á cidade palestina, marca o camiño cara ao éxito.

Eu, como presidente de Galicia e pregoeiro desta senlleira cita, non podo prometervos valiosos metais como ouro nin especies aromáticas como a mirra e mais o incenso. Pero tendes o meu compromiso que para este 2015, desde a Xunta seguiremos traballando por consolidar ese camiño da recuperación e da mellora das condicións de vida de todos os galegos e galegas.

Non é unha tarefa doada, pero ao igual que este Belén esixe un traballo delicado e de paciencia, para acabar sendo o que é, así todos os galegos estamos dando exemplo de cómo sabemos construír entre todos unha Galicia máis próspera e solidaria.

E así como é xusto poñer este Belén como exemplo e icona da Terra Chá e de toda Galicia, tamén creo que sería inxusto non lembrar a figura dun home desta terra que un día quixo compartir co seu pobo a súa paixón. Nunca esqueceremos que a magnífica montaxe que hoxe podemos observar é o resultado da constante dedicación de José Rodríguez Varela.

Un home que conta xa cun oco especial no corazón de todos os begontinos e que, a partir de hoxe, contará tamén cun lugar destacado entre o feixe de figuriñas que el mesmo creou coas súas mans.

Non podo imaxinar outra homenaxe mellor para Joselín que formar parte da súa obra e devolverlle, polo menos, unha pequena parte do legado que deixou a Galicia.

O sopro de vida que o creador infundiou nas súas figuras converteu a José Rodríguez Varela no pai adoptivo e cariñoso dos contos clásicos. O que el creou con tanto cariño amosa plena vixencia catro décadas despois.

O voso Belén é un fenómeno que traspasa o seu carácter obviamente relixioso para formar xa parte do noso patrimonio cultural.

É innegable que a tradición belenística ten o seu lugar no Patrimonio Cultural de Galicia e nas nosas tradicións. É moi normal que nestas datas vexamos multitude de exemplos de cómo os galegos cumprimos a tradición inmemorial de montar o Belén nos nosos fogares, lugares de traballo, etc...

De feito, fálase de que foi San Francisco de Asís -do que celebramos neste 2014 o 800 aniversario da súa peregrinación a Santiago- o que, tamén oito séculos atrás, realizou o primeiro pesebre do que se ten constancia.

En Galicia temos moitos exemplos desa tradición, e algún deles de gran valor artístico e histórico. Exemplos como como o Belén artesanal de Valga, ou o da Grande Obra de Atocha na Coruña, ou o de Betanzos, ou o da Orde Terceira en Ferrol, ou o de Arturo Baltar en Ourense.

Todos eles teñen algo que os fai especiais e dignos de ser visitados e admirados, pero permitídemme que comparta con vós a miña idea de por qué creo que o Belén que se fai en Begonte desde o ano 1972 ten algo especial, que xustifica tamén a súa consideración como un dos Beléns de referencia en Galicia.

É evidente que a animación é xa de por si un elemento diferenciador, pero creo que hai un elemento que o fai aínda máis especial.

Refírome ao feito de que representa un acontecemento ocorrido a miles de kilómetros de distancia e miles de anos atrás no tempo, nun xeito capaz de convertelo nun acontecemento próximo e rodeado de elementos da nosa vida cotiá.

- Por iso as casas deste Belén son de pedra do país e os tellados de lousa, como as casas de Begonte,...
- ....por iso aparecen gandeiros e gando como o que hai en Begonte,
- ....por iso aparecen ríos troiteiros con pescadores como os de Begonte.
- Poderíase dicir que este Belén non é só o Belén de Begonte, este Belén é Begonte.

Por iso este Belén transcende do meramente figurativo, para converterse case nunha pequena mostra de cómo é o noso país.

Non é de estrañar, por tanto, que moreas de persoas veñan cada ano a visitalo.

Porque poden recoñecerse nas figuras do Belén, porque non so ven que os muiñeiros moen, os labregos cultivan a terra, os pastores coidan o gando e os pescadores pescan. Ven tamén que o fan como se fai nos seus pobos.

Por todas estas bondades -imposibles de obviar- desde a Xunta de Galicia declaramos no seu día o Belén de Begonte como Festa de Interese Turístico de Galicia.

Pola súa antigüidade, o seu arraigamento popular, a súa singularidade e orixinalidade, o seu valor cultural, a afluencia de visitantes, a súa calidade e a súa creatividade, a Festa do Belén electrónico de Begonte é xa unha protagonista obrigada na lista de 108 Festas de Interese Turístico de Galicia.

Sei de boa tinta que ademais de todos os begontinos que participades ano a ano nesta festa, outro chairego estaría hoxe especialmente contento por poder volver a visitar o Belén de Begonte como Festa de Interese Turístico.

El non é outro que Manuel Fraga Iribarne, presidente da Xunta e pregoeiro desta marabillosa festa antes ca min. Unha marabillosa festa que, como Don Manuel adoitaba dicir é un “recanto de paz”.

Ese é tamén o meu desexo para todos vós: PAZ. Pois a través da concordia e da unión estaremos máis preto de acadar todos os nosos obxectivos.

Moitas grazas.